



A NOVA CLIMATIZACIÓN DO HOSPITAL DO MEIXOEIRO CHEGA XA A TODOS OS PACIENTES INGRESADOS

- **A finalización desta actuación, cun importe total de 3,7 millóns de euros, supón completar investimentos por valor de 22 millóns de euros neste hospital desde 2015**

Vigo, 9 de agosto de 2023.- O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, acompañado da delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, e do xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, visitou esta semana o Hospital do Meixoeiro, para comprobar in situ a nova climatización, que xa chega a todos os pacientes ingresados. A finalización desta actuación, cun importe total de 3,7 millóns de euros, supón completar investimentos por valor de 22 millóns de euros neste hospital desde 2015.

A nova climatización consiste na produción de frío e calor simultaneamente a través de 2 novas máquinas polivalentes de alta eficiencia a 4 tubos, combinadas con 13 recuperadores de calor entálpicos, que proporcionan aire de alta calidade a toda a zona de hospitalización así como ás zonas de traballo a través de fancoils instalados en todos os cuartos e espazos de traballo. Así mesmo, instalouse un climatizador de alta eficiencia específico para atender os cuartos de illados, coas mesmas características de frío e calor e aire de alta calidade.



Investimentos

Desde 2015, ano de apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro, a Xunta apostou por reforzar tamén o hospital do Meixoeiro para modernizalo e ampliálo cuns investimentos totais de máis de 22 millóns de euros. Así, adaptouse o baixo andar para convertelo no laboratorio central da Área Sanitaria de Vigo, creouse un novo laboratorio de microbioloxía e efectuáronse melloras nos accesos e na lavandería.

Do mesmo xeito, investíronse máis de 4 millóns de euros nas obras de implantación da Unidade de Mama, a reforma do servizo de Medicina Nuclear e a ampliación do servizo de Radioloxía.



Por último, no ano 2021 finalizouse, tras un investimento de case 7 millóns de euros, a obra de mellora das envolventes térmicas para asegurar a estanquidade dos edificios e mellorar a súa eficiencia enerxética. Con ela incrementouse o illamento térmico no acabado da fachada, substituíronse as carpinterías e renováronse as cubertas.